

# BANDO

**D. MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, Alcalde-Presidente do Concello de OROSO**

**FAGO SABER:** Que se abre o prazo de presentación de solicitudes das **AXUDAS Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL COMO MEDIDA DE FOMENTO DA CORRESPONSABILIDADE PARA OS/AS TRABALLADORES/AS QUE SE ACOLLAN Á REDUCCIÓN DA SÚA XORNADA DE TRABALLO.**

## **CONTIDO:**

As axudas, de pago único, serán concedidas aos traballadores/as que, entre o 1 de setembro de 2009 e ata o 31 de agosto de 2010, se atopen ou atopasen no momento da solicitude nunha situación de redución da xornada de traballo de ata un máximo da metade da duración daquela para o coidado dun/dunha fillo/a menor de 3 anos.

## **SITUACIÓNS CONTEMPLADAS:**

- 1.- Mesmo superando a idade de tres anos, que o/a menor padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33% e sexa menor de 12 anos.
- 2.- No suposto de fillos/as adoptados/as, non se terá en conta a data de nacemento, pero para ter dereito á axuda non deberán transcorrer máis de tres anos desde a data da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción.
- 3.- En calquera caso, o/a fillo/a polo/a que se solicita a axuda terá que ser menor de 12 anos.

## **BENEFICIARIOS/AS:**

1-Homes traballadores por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas, organismos autónomos, entes públicos de dereito privado e empresas públicas dependentes delas, con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario e os socios das sociedades cooperativas sempre que estes últimos pertencen ao réxime xeral da Seguridade Social, que se acollan á redución de xornada

2- Familias monoparentais nas que a persoa solicitante, home ou muller, sexa traballadora por conta allea e se acolla á redución de xornada

## **DOCUMENTACIÓN:**

- 1.- Fotocopia compulsada do DNI ou NIE
- 2.- Fotocopia compulsada do libro de familia
- 6- Certificación de empadramento da persoa solicitante
- 8- Certificación bancaria orixinal da conta da que é titular a persoa solicitante
- 9- Declaración de que o período de redución solicitado non coincide co permiso por maternidade ou paternidade, nin con ningún outro permiso
- 10- Certificación acreditativa da redución de xornada
- 11- Outros

## **LUGAR DE INFORMACIÓN E PRAZO:**

**Servizos Sociais Comunitarios: Rúa do Deporte nº 9, baixo (981 688 950)**

**Ata o 31 de agosto de 2010**

Oroso, 4 de maio de 2010